



Concello da
Baña

III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Concello da Baña

2018 – 2022



índice

Saúdo Alcalde	3
Introdución	4
Avaliación do II Plan de Igualdade	6
Obxectivos e principios	14
Fundamentación normativa	17
Contextualización	21
Situación de partida : Diagnose	30
III Plan de Igualdade do Concello da Baña	40
1. Compromiso coa igualdade	42
2. Participación social, asociacionismo e sensibilización	47
3. Formación e Emprego	50
4. Conciliación e corresponsabilidade	53
5. Educación	55
6. Cultura, lecer e deporte	58
7. Prevención e atención á Violencia de Xénero	60
8. Saúde e benestar social	62
Calendario de actuación	64
Seguimento e avaliación	67
Anexos	70



Concello da
Baña

Saúdo Alcalde



O Concello da Baña ten como un dos obxectivos esenciais para os vindeiros catro anos acadar un trato máis igualitario entre mulleres e homes da Baña, en particular coa aprobación do III Plan de Igualdade.

Para a súa elaboración o primeiro paso foi coñecer a realidade en materia de igualdade da Baña. E constátase que a pesar dos avances acadados polas mulleres nos últimos anos persisten aínda máis desigualdades das que se deben permitir.

Por iso este Plan contempla medidas específicas en materia de participación social, educación, cultura, deporte, emprego, conciliación e violencia de xénero.

É o meu desexo como alcalde deste Concello que cando remate a vixencia deste Plan de Igualdade, as oportunidades que nos dá a vida non entendan de sexo e que o Concello da Baña poida presumir da non discriminación por nacer home ou muller.

José Andrés García Cardeso
Alcalde de A Baña



Concello da
Baña

1. Introducción

Introdución

"Por un mundo onde sexamos socialmente iguais, humanamente diferentes e totalmente libres"

Rosa Luxemburgo (1871-1919)

A sociedade actual está a vivir numerosos cambios sociais a todos os niveis. Existen na actualidade novas formas de comunicación e de relación vinculadas coas tecnoloxías que inflúen na esixencia de dereitos democráticos, novas formas de protesta que implican cambios e melloras sociais. Coñecemos cada día casos de discriminación e de violencia contra a muller e vemos como a sociedade sae á rúa para esixir revisións nas leis e maior conciencia en igualdade.

Pola contra sabemos que abundan as normativas e declaracións que avogan pola erradicación das discriminacións entre as persoas e onde nos podemos atopar con directrices e lexislación a nivel internacional, comunitario, autonómico e municipal.

Sen embargo a pesares da existencia dunha igualdade formal, a realidade social segue poñendo de manifesto a persistencia de discriminacións por razón de sexo.

O Concello da Baña, dende a creación do seu I Plan de Igualdade no ano 2007, é consciente desta situación e quere seguir traballando para acadar a igualdade real pois entende que esta supón un amplo beneficio de cara á mellora da calidade de vida e benestar de todos os seus veciños e veciñas.

Este III plan de igualdade do Concello da Baña pon de manifesto o compromiso adquirido de dar resposta á anhelada igualdade real e principalmente quere dar continuidade ao traballo iniciado fai 11 anos.



Concello da
Baña

2. Avaliación II

Plan de Igualdade

Avaliación II Plan de Igualdade 2011-2015

Para levar a cabo este novo plan é importante analizar os resultados acadados do II Plan de Igualdade 2011-2015 a través da enquisa avaliativa (Anexo 1) que recolle a valoración das principais accións propostas, do cumprimento xeral dos obxectivos e os resultados dos indicadores, en cada área de actuación.

En resumo, da súa avaliación podemos extraer as seguintes conclusións:

Área de compromiso coa igualdade entre homes e mulleres:

- Leváronse a cabo todas as accións propostas en relación coa difusión dos resultados do I Plan de igualdade (2007-2011) e deuse a coñecer a todo o concello da Baña o II plan de Igualdade así como ao persoal do concello das actuacións municipais en materia de igualdade. Neste senso toda a difusión e información realizada mellorou con respecto ao I plan.
- Conseguiuse integrar o principio de igualdade de oportunidades nas diferentes accións municipais tanto nas accións organizadas polo concello como na implicación dos diferentes departamentos, mellorando durante estes anos.
- Incrementouse a participación do concello en campañas e eventos relacionados coa igualdade e garantiuse o acceso á organización en condicións de igualdade.



- Segue estando en proceso a creación dun equipo de traballo en materia de igualdade e a organización de accións de formación continua en materia de igualdade para o persoal político e técnico do concello.
- A pesar de que mellorou ao longo destes 4 anos, segue estando pendente definir unha canle de comunicación permanente sobre a integración da igualdade no municipio.
- A contratación de empresas por parte do concello que conten cun compromiso de xestión interna en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes así como un uso non sexista da linguaxe e da imaxe na súa documentación, está pendente de realizar.
- O uso igualitario da linguaxe e da imaxe no concello segue sendo un asunto pendente. Sen embargo ofrécense ferramentas e apoio técnico ao persoal traballador para que revisen o uso da linguaxe e imaxe dende a perspectiva de xénero.

Área de participación cidadá e asociacionismo

- Conseguiuse fortalecer o tecido asociativo existente posto que se facilitou o acceso á información sobre recursos, prestouse apoio técnico e orientación para a xestión e programación das asociacións e entidades, o que se traduce nunha mellora no número de asociacións creadas durante a vixencia do plan.
- Aumentou o número de asociacións cunha participación feminina superior ao 60% e o número de asociacións exclusivamente de mulleres.
- A porcentaxe de asociacións con mulleres exercendo a presidencia mellorou durante o desenvolvemento do plan.
- O número de asociacións e o número de actividades e proxectos realizados que contribúan positivamente á igualdade de oportunidades mellorou significativamente.
- Tanto o número de actividades de formación dirixidas prioritariamente ás mulleres como o número de participantes en xornadas e talleres sobre conciliación da vida persoal, familiar e laboral aumentaron.



Área de emprego e conciliación

- Capacitouse a mulleres do Concello de A Baña para o emprego e autoemprego a través da difusión dos servizos de asesoramento, das axudas económicas existentes e de accións formativas en emprego, autoemprego e novas tecnoloxías. Isto permitiu aumentar o número de empresas creadas durante a vixencia do plan.
- Leváronse a cabo actividades, concursos... en colaboración coas AMPAS sobre a corresponsabilidade entre a poboación infantil e xuvenil aumentando o número de actividades realizadas.
- Desenvolvéronse e aumentaron o número de medidas e/ou servizos de apoio á conciliación da vida laboral, familiar e persoal flexibles non ligados ao período escolar.
- Realizáronse accións formativas para a creación de empresas de mulleres no ámbito rural e creouse un espazo de intercambios de experiencias e boas prácticas no rural mellorando o número de accións formativas realizadas e o número de participantes.
- Leváronse a cabo campañas que contribúan a mellorar a imaxe social da actividade agraria realizada por mulleres.
- Segue pendente de realizar un estudo do tempo destinado ás tarefas no fogar e de coidado, e non se impulsaron as actividades desde o banco do tempo que faciliten a conciliación, de feito na actualidade non existe o banco do tempo.
- Tamén segue pendente publicitar iniciativas empresarias que adopten medidas de apoio á conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras.

Área de educación

- Organizáronse e desenvolvéronse actividades extraescolares con perspectivas de xénero, fomentouse o uso non sexista da linguaxe e das



imaxes e impulsáronse campañas sobre o uso non sexista dos xogos e xoguetes.

- Aínda segue estando pendente a sensibilización a toda a comunidade educativa en materia de igualdade e resolución de conflitos así como a creación dun espazo para o intercambio de experiencias coeducativas entre distintos centros e espazos educativos.
- Leváronse a cabo actividades de coeducación co alumnado de primaria, secundaria e coa escola unitaria, sen embargo segue estando en proceso a realización de obradoiros en igualdade e resolución de conflitos e a creación dun blog sobre igualdade xestionado e dinamizado polo alumnado.
- Mellorou a formación das persoas adultas do concello en canto a diversificación de oferta e a incorporación da perspectiva de xénero en todas as accións formativas.
- Segue estando pendente a realización dun estudo de necesidades formativas entre as persoas adultas.
- Aumentou a participación de mulleres nos ciclos de Formación Profesional tradicionalmente masculinos.
- Organizáronse actividades de sensibilización coas familias sobre como educar en igualdade.
- A colaboración coa persoa orientadora do centro de primaria e secundaria para desenvolver xornadas informativas sobre diversificación profesional dende a perspectiva de xénero, segue sendo un asunto pendente de realizar.

Área de cultura, lecer e deporte

- Formouse en materia de xénero e igualdade a monitores/as de tempo libre e animadores/as socioculturais.
- Incorporouse a perspectiva de xénero nas actividades culturais, deportivas e de lecer municipais reforzando a publicidade e difusión destas actividades.



- Segue pendente a realización dun estudo sobre preferencias e posibilidades reais de participación en actividades organizadas.
- Facilitouse o acceso das mulleres á práctica de deportes tradicionalmente masculinos e de homes a deportes femininos gracias a diversificar a oferta formativa, a aumentar a franxa horaria de realización de actividades deportivas e a desenvolver campañas que cuestionen os estereotipos de xénero nas actividades físicas.
- Conseguiuse visibilizar a aportación das mulleres á cultura posto que se difundiron obras artísticas e literarias e outras aportacións relevantes no ámbito cultural executadas por mulleres e se fomentou a creación de espazos de debate e intercambios de experiencias culturais.

Área de violencia de xénero

- O Concello da Baña puxo a disposición das vítimas de violencia de xénero todas as medidas psicolóxicas, xurídicas, de seguridade, educativas e sociais necesarias para atender de forma integral a mulleres e elaborou protocolos locais de actuación ante a violencia de xénero.
- Sen embargo está en proceso facilitar ao persoal técnico municipal instrumentos para a detección e derivación de situacións de violencia de xénero e organizar obradoiros de apoio ás mulleres vítimas de violencia e aos menores ao seu cargo.
- Leváronse a cabo actuacións para a poboación infantil e xuvenil orientadas á prevención da violencia de xénero e de comportamentos violentos.
- Segue pendente levar a cabo actuacións de prevención da violencia de xénero no ámbito asociativo, de analizar e difundir os datos relacionados coa violencia de xénero no concello.
- Por último indicar que se está informando á poboación do Concello sobre os recursos existentes de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Área de saúde e benestar social

- Sensibilizouse á poboación en temas de saúde xerais incorporando a perspectiva de xénero. Para elo xeráronse espazos de reflexión e sensibilización cos profesionais da saúde, colaborouse cos centros educativos no desenvolvemento de programas de educación para a saúde dirixidos á infancia e adolescencia, deseñouse e implantouse un plan de educación sexual, desenvolvéronse campañas informativas sobre hábitos de vida saudables e cos trastornos alimenticios.
- Reforzáronse as campañas informativas e de prevención sobre a saúde das mulleres nos centros de saúde.
- Analizouse a realidade das necesidades de homes e mulleres en risco de exclusión social e adecuáronse os servizos sociais ás necesidades detectadas.
- Realizáronse campañas informativas sobre os servizos que promove o concello.
- Incorporáronse as necesidades das mulleres soas con responsabilidades familiares no deseño de programas en contra da exclusión social.
- Está pendente realizar un estudo sobre o grao de cobertura dos servizos do concello e o uso que homes e mulleres fan deles.

En todas as áreas as principais dificultades atopadas teñen que ver principalmente con cuestións culturais arraigadas, que se intentan poñer en solución consensuando posturas.

En todas as áreas a valoración que se fai do cumprimento dos obxectivos considérase de nivel medio a excepción da área de cultura, lecer e deporte e na área de saúde e benestar social onde o cumprimento dos obxectivos considérase alto.

A modo de resumo da avaliación deste II Plan podemos indicar que se levaron as cabo moitas das accións propostas no plan en todas as áreas se ben outras están en proceso de realización, principalmente accións referidas á área de compromiso coa igualdade na administración local e coas empresas subcontratadas polo concello.

A realización de estudos sobre os tempos das tarefas do fogar, das necesidades formativas das persoas adultas, as preferencias e posibilidades de participación en actividades organizadas e estudos sobre o grado de cobertura dos servizos do concello e o uso que homes e mulleres fan deles, son traballos pendentes de realizar. Tamén habería que publicitar iniciativas empresarias que adopten medidas de apoio á conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras.

A colaboración con outros profesionais do concello é imprescindible para lograr os obxectivos propostos nesta área.



Concello da
Baña

3. Obxectivos e principios



Obxectivos e principios

O **obxectivo xeral**, co que este III Plan de Igualdade de Oportunidades se pon en marcha, é **continuar suprimindo as diferenzas existentes entre mulleres e homes no termo municipal e previr futuras discriminacións**. Para alcanzalo, defínense actuacións ao redor dos seguintes ámbitos:

1. Compromiso coa igualdade entre mulleres e homes.
2. Participación social, asociacionismo e sensibilización.
3. Formación e emprego.
4. Conciliación e corresponsabilidade.
5. Educación.
6. Cultura, lecer e deporte.
7. Prevención e atención á violencia de xénero
8. Saúde e benestar.

Dun modo xeral, podemos sinalar como **características** máis salientables deste plan as seguintes:

- **Práctico e realista:** define de maneira precisa o procedemento, prazos, recursos, persoas responsables de levar a cabo as actuacións, seguimento e avaliación.



- **Estratéxico:** articula un novo enfoque a partir dun compromiso de alto nivel.
- **Transversal:** implica a todas as políticas e áreas do órgano municipal.
- **Participativo:** nel interveñen a corporación municipal, os/as traballadores/as do Concello.
- **Flexible:** modifícase en base ás necesidades e dificultades detectadas.
- **Dinámico:** é progresivo e está sometido a constantes cambios.
- **Transparente:** garante o dereito á información sobre el, tanto dos representantes legais, como dos traballadores e traballadoras.

Para a súa elaboración e posterior execución, seguimento e avaliación constituíuse un equipo de traballo representativo da entidade, cada un con funcións e responsabilidades específicas nas accións definidas:

- Alcalde: José Andrés García Cardeso.
- Concelleira da área de Muller e Igualdade: Sandra López Fernández.
- Técnica de Emprego Local: María Dolores Landeira Liñares.



Concello da
Baña

4. Fundamentación normativa



Fundamentación normativa

Os plans de igualdade de oportunidades municipais constitúen un elemento imprescindible na acción política e social dunha comunidade, garantindo a construción dunha sociedade máis democrática e plural fundamentada nos valores de dignidade e responsabilidade compartida entre mulleres e homes.

Este III Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do Concello da Baña é o resultado dun traballo colectivo. Elaborouse partindo da información recollida na avaliación do anterior Plan de Igualdade 2011-2015, da análise da situación de partida do Concello e contando coa participación e implicación das distintas áreas municipais e do tecido social.

Os obxectivos e medidas deste III Plan de Igualdade conta como referentes os documentos de alcance internacional, comunitario, estatal, autonómico e municipal que presentamos a continuación.

Ámbito Internacional:

- Carta das Nacións Unidas, de 24 de outubro de 1945.
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- A convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979 (CEDAW).
- Declaración da Conferencia Mundial sobre os Dereitos Humanos, adoptada en Viena o 25 de xuño de 1993.



- Declaración sobre a Eliminación da Violencia contra a Muller, de 20 de decembro de 1993.
- Programa de Acción da conferencia Internacional sobre a Poboación e o Desenvolvemento (O Cairo, 1994)
- Declaración do Milenio, de 8 de setembro de 2000.

Ámbito Comunitario:

- Tratado constitutivo da Comunidade Económica Europea, firmado en Roma en 1957.
- Tratado de Amsterdam de 1997.
- Programas de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia.
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo.
- Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, do 22 de febreiro do 2006, sobre a igualdade entre mulleres e homes.
- Recomendacións do Consello Europeo de Lisboa.
- Folla de Ruta da Unión para o 2006 – 2010, no ámbito do emprego e política social.
- Programa comunitario de Fomento do Emprego e da Solidariedade Social (Progress).
- Programas de acción comunitaria, Daphne I (2000 – 2003) e Daphne II (2004 – 2008).
- Compromiso estratéxico para a igualdade de xénero 2016-2019



Ámbito Estatal:

- Constitución Española de 1978.
- Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.
- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2018-2021

Ámbito Autonómico:

- Lei 7/2004, de 16 de xullo, Galega para a Igualdade de Mulleres e Homes.
- Lei 2/2007 do 28 de Marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de oportunidades entre Mulleres e Homes, 2017-2020.
- Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021

Ámbito Municipal

- II Plan de Igualdade de Oportunidades 2011-2015 do Concello de A Baña, que supón unha estratexia de actuación municipal que aposta por conseguir cambios estruturais que promovan unha igualdade real e efectiva entre a poboación do municipio.

5. Contextualización



Contextualización

O territorio

O Concello da Baña pertence á comarca da Barcala limitando cos concellos de Ames, Negreira, Val do Dubra e Santa Comba. Ao longo dos seus 98,19 km² o municipio da Baña está repartido en 15 parroquias.



Contexto Socio-Demográfico

No Concello da Baña, actualmente, están recollidos no Padrón 3.541 habitantes, cunha densidade de poboación de 36,06 hab./km².

Segundo a distribución por idade e sexo que se representa na táboa e gráficos seguintes.




	HOMES	MULLERES	TOTAL
0 a 4	37	29	66
5-9	42	53	95
10 a 14	45	40	85
15-19	47	44	91
20-24	58	57	115
20 a 29	91	79	170
30 a 34	95	72	167
35 a 39	102	92	194
40 a 44	117	118	235
45 a 49	92	115	207
50 a 54	135	125	260
55 a 59	142	120	262
60 a 64	134	128	262
65 a 69	143	151	294
70 a 74	139	171	310
75 a 79	89	136	225
80 a 84	105	140	245
85 e máis	77	181	258
TOTAL	1.690	1.851	3.541

Concello de A Baña.

Padrón Municipal. Xaneiro 2018.


Se estes datos os comparamos cos do II Plan de Igualdade, observamos unha sensible diminución da poboación, sendo no 2011 de 4.022 habitantes.

Segundo estes datos, o tramo de idade con maior poboación está entre o 70 e 74 anos supoñendo un 9% do total. En case todos os grupos de idades os homes e mulleres están equiparados en número, sen embargo a partir dos 70 a 74 anos o número de mulleres respecto ó homes aumenta significativamente, principalmente a partir do 85 e máis anos.



Gráfica 1: Distribución da poboación por idade e sexo.

Así, se esta análise a facemos só en virtude do sexo, observamos como a diferenza é mínima:



Gráfica 2: Poboación por sexo.

En canto á nacionalidade, obsérvase unha poboación moi homoxénea, tendo o 97% dos habitantes nacionalidade española.




Contexto educativo

No referente ao nivel educativo, o padrón recolle os seguintes datos:

	MULLERES	HOMES	TOTAL
Non sabe ler nin escribir	12	8	20
Sen estudos	20	26	46
Titulación inferior a graduado escolar	848	582	1.430
Certificado de escolaridade	64	91	155
Graduado Escolar	96	111	207
Bacharelato ou Formación Profesional	259	324	583
Titulación Universitaria	161	76	207
TOTAL	1.460	1.218	2.678

*Concello da Baña.
Padrón Municipal. Febreiro 2018
Datos referidos a poboación de 16 anos e máis*




Gráfica 3: Distribución da poboación en función do nivel de estudos.



En canto aos datos reflectidos na táboa anterior, destacar a alta porcentaxe de poboación con titulación inferior ao graduado escolar (40%). Aquí debemos ter en conta, que nesta porcentaxe están incluídos tamén os mozos e mozas en período escolar e todas aquelas persoas que non actualizaron os datos no padrón municipal. Polo tanto, aínda que estes datos nos poden servir de guía para determinar o nivel educativo da poboación, deben ser tratados con cautela.


Contexto Socio-Económico

En relación coa situación de desemprego, no Concello da Baña o total de paro rexistrado ascende a 225 persoas, das cales 117 (52%) son homes e 108 mulleres (48%).




Gráfica 4: Poboación en situación de desemprego por sexo.

Se estes datos os analizamos en tramos de idade, observamos como é lixeiramente superior o índice de desemprego no caso das mulleres en todas as franxas de idade excepto a partir dos 50 anos, sendo practicamente o triple a partir dos 60 anos.



Gráfica 5: Poboación en situación de desemprego por sexo e grupos de idade.

En canto ás afiliacións por alta laboral vemos que o 54% pertencen a homes e un 46% a mulleres.



Gráfica 6: Afiliacións altas laborais por sexo 2018.

Referido aos movementos migratorios, indicar que o 53% da poboación inmigrante e o 56% de poboación emigrante é muller.



Por último, o 73% das mulleres reciben prestacións non contributivas (xubilación e invalidez) fronte ao 27% dos homes.

Equipamentos e servizos.

Para dar servizo aos seus habitantes, o Concello da Baña dispón dos seguintes equipamentos e servizos:

✓ Locais sociais.	15
✓ Centro social e da terceira idade.	1
✓ Centro de saúde.	1
✓ Colexio de primaria e secundaria.	1
✓ Escola unitaria.	1
✓ Centro de formación ocupacional.	1
✓ Escola de música.	1
✓ Aula de informática.	1
✓ Biblioteca	1
✓ Instalacións deportivas.	
○ Polideportivos cubertos	2
○ Piscina pública	1
○ Campo de fútbol	1
○ Pista de tenis	1
○ Pistas polideportivas	14
○ Terreos de xogo	4

No que a equipamentos e servizos se refire, apenas se observa diferenza con respecto aos do plan anterior.

Pola contra, con respecto ao plan anterior, mudou o número das **asociacións**, quedando na actualidade como se recolle na táboa seguinte:

✓ Asociacións de mulleres	2
✓ Asociacións veciñais	15
✓ Asociacións culturais	5
✓ Asociacións xuvenís	3
✓ Asociacións deportivas	2
✓ Asociacións medioambientais	1
✓ Asociacións educativas	2

Das asociacións existentes no Concello o 52% delas están presididas por mulleres.



Concello da
Baña

6. Situación de partida: Diagnose



Situación de partida

Para o deseño dos obxectivos e accións contempladas neste documento, tiveronse en conta as conclusións extraídas da enquisa avaliativa do II Plan de Igualdade que vimos anteriormente.

Por outro lado levouse a cabo unha enquisa entre os/as veciños/as do termo municipal interesados en participar (ver anexo II Enquisa diagnóstico) para coñecer a situación real do concello en materia de igualdade entre homes e mulleres.

Neste estudio entre a poboación do Concello de A Baña pediuse a súa opinión sobre aspectos como a igualdade e a importancia do Plan, a formación, a conciliación e corresponsabilidade, a participación, o emprego, e a violencia machista.


Estes datos obtivéronse por medio dun cuestionario que combina preguntas pechadas e abertas, constituíndo unha forte e sólida base para as propostas recollidas neste plan.

A enquisa consta de 27 preguntas das cales algunhas preguntas son de elección dicotómica (si ou non), outras de elección múltiple e outras de preguntas abertas.

A continuación mostramos os resultados da enquisa.


Datos persoal participante

Recolléronse 17 enquisas das que o 65% corresponde a mulleres e un 35% a homes.




Gráfica 7: Índice de participantes por sexo

En canto ás idades o 59% tiñan entre 36 e 55 anos, un 29% entre 56 e 70 anos e só un 12% entre 18 e 35 anos. Non cubriu a enquisa ninguén menor de 18 anos nin maior de 70.



Gráfica 8: Idade persoas participantes

En canto ao nivel formativo un 59% ten estudos universitarios e o resto divídese entre estudos básicos, bacharelato e Formación profesional, como podemos ver na gráfica seguinte.



Gráfica 9: Nivel formativo persoas participantes

A igualdade no Concello

A primeira pregunta fai referencia a se coñecen cal é o órgano municipal responsable en materia de igualdade. Un 59% indica que sabe cal é mentres que o 41% restante non o sabe. Das persoas que responderon afirmativamente só 6 indicaron o organismo correspondente e só unha persoa soubo cal era.

O mesmo ocorre na pregunta dúas en relación a se saben o que é un plan de Igualdade. Responderon afirmativamente un 65% das persoas enquisadas e un 64% das persoas que saben o que é, non souberon definilo ou o fixeron mal indicando que é un lugar. O resto das persoas que responderon indican que un Plan de Igualdade é "Un plan no que se recolle a situación de partida, os obxectivos, medidas, accións, temporalización a realizar para acadar un maior grado de igualdade", "Pautas de formas de traballo en igualdade", "Conxunto ordenado de medidas adoptadas despois de realizar un diagnóstico de situación pendentes de



alcanzar a igualdade entre homes e mulleres” e “Medidas que se aplican para conseguir igualdade de trato, oportunidades”.

En canto a se saben se o Concello da Baña conta cun plan de igualdade, o 59% non coñece da existencia e só unha persoa sabe especificar que hai dous plans. No referente ás medidas en materia de igualdade entre homes e mulleres posta en marcha polo Concello da Baña, menos da metade das persoas enquisadas, un 41%, especifica que coñece algunha e só dúas persoas indican cales son estas (formación de mulleres para o autoemprego, formación e conciliación).

Á pregunta de se houbo formación no Concello en materia de igualdade un 53% contesta afirmativamente aínda que só unha persoa especifica a formación realizada. En relación aos recursos municipais que faciliten a conciliación, familiar e laboral, o 65 % afirma que os coñece sendo o máis sinalado o punto de atención á infancia.

Participación

O 47 % das persoas enquisadas participa nalgunha asociación. Destas asociacións o nivel de participación en canto a sexo é dun 57% de mulleres fronte ao 43% dos homes. Sen embargo nun 83% destas a presidencia é exercida por homes.


En canto á participación en algunha actividade deportiva ou lúdica, o 65% participa con regularidade nalgunha destas actividades das cales o 73% son de música ou baile. Só un 6% responde a algunha actividade deportiva.

Emprego

Ao 50% das persoas enquisadas gustaríalle ter continuado os seus estudos, as razóns que se indican principalmente son por cuestións de traballo ou por falla de

tempo. Hai que indicar aquí que o 59% das persoas que cubriron esta enquisa teñen estudos universitarios.

O 100% das persoas enquisadas ten unha ocupación remunerada dos cales o 35% é profesional cualificado, o 71% está a xornada completa e o 29% a xornada parcial e con contrato temporal.



■ autónomo-a ■ Directivo-a ■ Funcionario-a ■ Prof. Cualificado ■ Prof. non cualificado ■ Outros

Gráfica 10: Grupo profesional

En referencia a se o seu salario é igual que o compañeiro do sexo oposto, o 53% indica que é igual, un 35% descoñéceo e un 12% indica que non é igual, sen especificar se é maior ou menor.

O 88% das persoas enquisadas considera que tivo as mesmas oportunidades de traballo que persoas do sexo oposto. O 12% restante que considera que non tivo as mesmas oportunidades corresponde ao sexo feminino e indica que foron peores.


O 56% considera que ser muller non prexudica para atopar un emprego. Se esta variable a desagregamos por sexo, observamos que o 60% das mulleres pensa que é un factor que prexudica, mentres que o 100% dos homes indica que non.

O 100% das persoas enquisadas pensa que a diferenza salarial, na que os homes cobran máis que as mulleres (dentro do mesmo grupo salarial), non está xustificada.

Violencia Machista

O 88% das persoas enquisadas considera que a violencia machista é un problema da sociedade. O 12% restante considera ou que non é para tanto como aparecen nos medios e os homes tamén a sofren, ou non o considera un problema, só son actos puntuais.

En canto á pregunta na que teñen que sinalar cales das seguintes manifestacións son violencia machista, podemos observar na seguinte táboa como máis da metade das respostas sinalan que dicir un piropo ou ser paternalista non se considera unha manifestación machista. O resto das diferentes manifestacións de violencia machista foron identificadas pola maioría das persoas enquisadas.




Gráfica 11: Manifestacións violencia machista

O 82% indica que non sufriu nunca acoso sexual (intimidación de natureza sexual) fronte ao 18% restante que sí a sufriu.

O 88% consideran que ante unha agresión física por parte dun home a unha muller ou aos seus fillos hai que dar aviso ás autoridades.

O 82% considera que no caso de denuncia por violencia machista, o home debería ter a custodia compartida dos/as fillos/as.

En referencia á utilización dos recursos en caso de ser vítimas de violencia machista, o 37% dirixiríase á comisaría de policía, un 20% iría a servizos sociais e o mesmo porcentaxe recorrería á familia. Os outros recursos menos utilizados serían o centro médico e as amizades, cun 10%. Un 3% das persoas enquisadas indicaron que se dirixirían a outros recursos como son o Centro de Información á Muller.



Gráfica 12: Recursos violencia machista

Ante unha violación o 93% manifesta que é importante que a muller faga a denuncia. O outro 7% considera que se debe buscar axuda profesional sen facer a denuncia.

O 94% das persoas enquisadas considera que se un home forza á súa muller a ter sexo é unha violación. O 6% restante considera que non existe violación no matrimonio.

A totalidade das persoas enquisadas non está de acordo coa afirmación de que o traballo doméstico debe ser tarefa principalmente das mulleres.

Corresponsabilidade

O 35% das persoas enquisadas dedica entre 21 e 30 horas semanais ao traballo dentro da casa. O resto das persoas enquisadas repártense entre aquelas que dedican menos de 20 horas e aquelas que fan máis de 40.

O 71% manifesta estar satisfeito/a coa distribución das tarefas domésticas coa parella dentro do seu fogar.

Plan Igualdade

O 86% das persoas enquisadas considera que é necesario un plan de igualdade no Concello da Baña. As razóns que indican para elo refírense principalmente a que hai moitas razóns de desigualdade que hai que tentar mudar ou por cuestións de contratacións pois indícase que hai unha división sexual do traballo contratando a mulleres para oficinas e a homes para Brigadas de obras.

Ante a pregunta de a quen debe ir dirixido o Plan de Igualdade indícase maioritariamente que está dirixido á poboación en xeral. Hai persoas que entenden que o Plan de Igualdade debe ir dirixido exclusivamente a nais e pais ou ás mulleres en particular. Algunha persoa comentou que debe ir dirixido prioritariamente a profesionais, políticos/as ou empregados con cargos públicos.

En canto a medidas a incluír sinálanse as seguintes: sensibilización á comunidade, políticos-as, profesionais, mulleres e nenos-as e adolescentes; flexibilidade, formación continua, obxectivos do concello, horarios; talleres para visualizar as diversas situacións que se dan na realidade.

En outras suxestións indícase: incluír cláusula de desempate en todos os pregos dos contratos.

PROPOSTAS DE MELLORA

Despois da análise das enquisas avaliativas e a modo de resumo indicamos que sería importante ter en conta o seguinte:

- Aumentar o número de enquisas pois só se recolleron 17 enquisas e cunha poboación de 4.541 persoas os datos recollidos non resultan significativos, polo que habería que aumentar a participación e implicación da poboación.
- Realizar unha mellor ou máis ampla difusión do Plan de Igualdade, posto que unha alta porcentaxe das persoas que fixeron a enquisa non sabe o que é un plan de igualdade, cantos plans ten o concello, que se leva traballando en pro da igualdade e que organismo é o responsable do Plan.



Concello da
Baña

7. III Plan de Igualdade



III Plan de igualdade

As actuacións fixadas dentro deste plan xiran en torno ás 8 áreas de actuación:

1. Compromiso coa igualdade entre mulleres e homes.
2. Participación social, asociacionismo e sensibilización cidadá.
3. Formación e Emprego
4. Conciliación e corresponsabilidade.
5. Educación.
6. Cultura, lecer e deporte.
7. Prevención e atención integral da violencia de xénero.
8. Saúde e benestar social.

Para cada unha das áreas fixéronse unha serie de **obxectivos xerais e específicos**, a acadar durante os catro anos de vixencia do plan, en base ás necesidades previamente detectadas.

A continuación, detállanse estes obxectivos xunto coas accións precisas para logralos. Así mesmo, tamén se sinalan os departamentos responsables da súa execución.

COMPROMISO COA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

OBXECTIVO XERAL	Xerar un compromiso e unha actuación continua no Concello da Baña de cara á incorporación da perspectiva de xénero nas actuacións municipais.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1	Difundir as actuacións impulsadas desde o Concello da Baña en materia de Igualdade de Oportunidades.
Accións	1. Publicación na páxina web municipal (www.concellodabana.gal) do III Plan de Igualdade de Oportunidades (2018– 2022) 2. Realizar e difundir información impresa (asociacións, centro de saúde, farmacias...) sobre a elaboración do novo plan de igualdade e a páxina web onde se pode consultar. 3. Poñer a todo o persoal do Concello en coñecemento das actuacións municipais en materia de igualdade.
Indicadores	1. Publicación ou non na páxina web do Concello. 2. Número de dípticos difundidos. 3. Número de carteis colocados. 4. Número de traballadores/as do Concello en coñecemento das actuacións municipais.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2	Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes nas diferentes accións municipais.

Accións	1. Seguir velando pola inclusión de criterios igualitarios en todas as accións organizadas polo concello. 2. Impulsar o traballo en materia de igualdade en todos os departamentos municipais. 3. Seguir utilizando o plan de igualdade como marco de referencia da totalidade de accións municipais.
---------	---

Indicadores	1. Número de accións organizadas polo Concello de A Baña que incorporan criterios de igualdade de oportunidades. 2. Número de departamentos municipais implicados en materia de igualdade.
-------------	---

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3 Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no funcionamento da Administración Local.

Accións	1. Incrementar a participación do Concello en campañas e eventos sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. 2. Continuar levando a cabo accións de formación continua para o persoal político e técnico do Concello en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. 3. Crear un equipo de traballo en materia de igualdade entre mulleres e homes. 4. Garantir o acceso á organización en condicións de igualdade para mulleres e homes. 5. Valorar nos concursos de méritos para persoal a formación en xénero e igualdade de oportunidades. 6. Establecer canles de comunicación permanentes sobre a
---------	--

integración da igualdade de oportunidades no municipio.

7. Incorporar sistemas de rexistro dos programas e accións municipais desagregados por sexos, que permitan a explotación posterior de datos obtidos e posibiliten o estudo e a obtención de datos fiables sobre as diferentes situacións de mulleres e homes.

8. Favorecer a representación paritaria en calquera acto realizado pola administración local

Indicadores

1. Número de cursos, xornadas, eventos organizados.
2. Número de cursos, xornadas, eventos nos que participou o persoal da organización.
3. Creación ou non do equipo en materia de igualdade.
4. Documento explícito recollendo funcións e tarefas de todos os membros do equipo especialista en materia de igualdade.
5. Incorporación da formación en igualdade nos concursos de méritos.
6. Definición ou non dunha canle de comunicación permanente interna en materia de igualdade.
7. Sistema de rexistro creado.
8. Número de actos con representación paritaria.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4

Xerar un compromiso e unha actuación continua das empresas subcontratadas polo concello en materia de igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

Accións

1. Priorizar a contratación de empresas que contén con Plans de Igualdade ou compromiso de xestión interna en materia de igualdade.

Indicadores	1. Número de subcontratacións efectuadas durante o ano nas que se inclúe o Plan de Igualdade ou compromiso de xestión interna en materia de igualdade.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 5	Manter o trato igualitario a mulleres e homes na linguaxe e imaxes de todos os documentos elaborados polo persoal municipal e os xerados polas subcontratas realizadas polo Concello.
Accións	1. Aprobar un Decreto de Alcaldía sobre a recomendación do uso dunha linguaxe e imaxe inclusiva no Concello para a súa incorporación ao Regulamento de Ordenación Municipal. 2. Elaborar e editar un Manual de Recomendacións sobre o uso igualitario da linguaxe e imaxes para o persoal municipal. 3. Continuar ofrecendo ferramentas e apoio técnico aos/ás traballadores/as do Concello para que revisen o uso da linguaxe e imaxes desde a perspectiva de xénero na documentación administrativa, publicacións... que se xeren no Concello. 4. Priorizar a contratación de empresas con compromiso no mantemento dun trato igualitario da linguaxe e imaxes en todos os documentos que se deriven da obra ou servizo subcontratado.
Indicadores	1. Aprobación ou non dun Decreto de Alcaldía sobre a recomendación do uso dunha linguaxe e imaxe inclusiva. 2. Elaboración do Manual de Recomendacións sobre o uso igualitario da linguaxe e imaxes. 3. Número de subcontratacións efectuadas durante o ano nas que se inclúe o compromiso dun trato igualitario da linguaxe e imaxes.

Departamentos
responsables

Alcalde.

Concellaría de Muller e Igualdade.

Concellaría de Servizos Sociais, Emprego, Educación e Cultura

Concellaría Promoción Económica e Relacións Veciñais.

PARTICIPACIÓN SOCIAL, ASOCIACIONISMO E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ

OBXECTIVO XERAL

Equiparar a participación sociocultural e política de mulleres e homes no concello.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1

Fortalecer o tecido asociativo existente.

Accións

1. Seguir recompilando e facilitando o acceso á información sobre recursos de apoio ao tecido asociativo que faciliten a súa constitución, posta en marcha e xestión.
2. Prestar apoio técnico e/ou orientación na xestión das entidades e asociacións para facilitar a súa constitución e mantemento.
3. Prestar apoio técnico e/ou orientación na programación das asociacións e entidades para a mellora do seu funcionamento.
4. Desenvolver accións formativas dirixidas ás asociacións en materia de xestión, administración...
5. Facilitarlles espazos municipais ás asociacións de mulleres do municipio para que propicien encontros e realicen actividades, fomentando o traballo en rede.

Indicadores

1. Número de asociacións creadas durante a vixencia do plan.
2. Número de asociacións que requiriron apoio.
3. Número de accións formativas realizadas.
4. Número de encontros e actividades en rede realizadas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2

Equiparar a participación e a presidencia por parte de mulleres en asociacións e colectivos.

Accións

1. Asesorar ao movemento asociativo de mulleres en todos os ámbitos.
2. Ofrecer asesoramento especializado ás asociacións de mulleres ou outras entidades que o demanden, sobre o desenvolvemento de proxectos que contemplan a igualdade de oportunidades e a perspectiva de xénero.
3. Colaborar co tecido asociativo para o desenvolvemento de actividades que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no municipio.
4. Realizar actividades de formación dirixidas prioritariamente a mulleres, que impulsen e fomenten a participación e xestión, por parte destas, dunha asociación.
5. Organizar xornadas, talleres... sobre conciliación da vida persoal, familiar e laboral e o uso do tempo libre.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3

Sensibilizar á cidadanía en xénero e igualdade de oportunidades

Accións

1. Realizar actividades que destaquen o papel das mulleres na sociedade, prestando especial atención ás datas:
 - Día Internacional da Muller (8 de marzo).
 - Día da Muller Rural.
 - Día contra a violencia de xénero.
2. Difundir entre a cidadanía guías e outros materiais onde se indiquen os recursos e servizos existentes en materia de igualdade propios ou doutras institucións ou entidades.
3. Establecer accións concretas dirixidas aos homes de cara a traballar a reconceptualización da masculinidade.

Indicadores

1. Número de asociacións cunha participación feminina superior ao 60%.
2. Número de asociacións exclusivamente de mulleres.
3. Porcentaxe de asociacións con mulleres exercendo a presidencia.
4. Número de asociacións que desenvolven actividades ou proxectos que contribúan positivamente á igualdade de oportunidades.
5. Número de actividades ou proxectos realizados.
6. Número de actividades de formación realizadas.
7. Número de participantes.
8. Número de guías e materiais difundidos.

Departamentos
responsables

Concellaría de Muller e Igualdade.

Concellaría de Servizos Sociais, Emprego, Educación e Cultura.

Concellaría de Xuventude, Deportes, Contas, Patrimonio e Persoal.

FORMACIÓN E EMPREGO

OBXECTIVO XERAL **Incrementar e mellorar as posibilidades de emprego e inserción laboral das mulleres.**

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1 **Potenciar a formación para o emprego das mulleres coa finalidade de mellorar a súa incorporación, permanencia e promoción no mercado laboral.**

Accións

1. Promover accións formativas e laborais para as mulleres, coa creación de redes de servizos de atención a persoas maiores, infancia, mocidade e poboación en xeral.
2. Realizar actividades formativas en sectores relacionados co ámbito rural incluíndo as mulleres como colectivo preferente: ecoturismo, produción ecolóxica...
3. Fomentar o acceso das mulleres a cursos específicos para mellorar a promoción profesional evitando a segregación vertical.
4. Realizar accións formativas de formación para o emprego incluíndo as mulleres como colectivo preferente.
5. Promover a organización de cursos sobre novas tecnoloxías de información.

Indicadores

1. Número de accións formativas realizadas.
2. Número de persoas participantes.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2 **Capacitar ás mulleres para o emprego e o autoemprego.**

Accións	1. Seguir difundindo os servizos de asesoramento e apoio a persoas emprendedoras existentes no municipio. 2. Seguir difundindo periódicamente as axudas económicas á inversión para a iniciación e consolidación de negocios ás que poden ter acceso, ou están especificamente destinadas, as mulleres. 3. Seguir realizando accións formativas de autoemprego incluíndo as mulleres como colectivo preferente.
---------	---

Indicadores	1. Número de persoas que solicitaron información de cara ao autoemprego (porcentaxe desagregada por sexo) 2. Número de empresas creadas durante a vixencia do plan (porcentaxe por sexo) 3. Número de accións formativas realizadas. 4. Número de participantes.
-------------	---

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3 Fomentar o emprego das mulleres no ámbito rural.

Accións	1. Crear un espazo de intercambio de experiencias e boas prácticas no rural. 2. Realizar campañas que contribúan a mellorar a imaxe social da actividade agraria, e en concreto daquela realizada por mulleres. 3. Publicitar iniciativas empresariais que adopten medidas de apoio á conciliación da vida laboral e familiar das persoas traballadoras.
---------	--

Indicadores	1. Número de actividades realizadas. 2. Número de participantes.
-------------	---

Departamentos
responsables

Concellaría de Muller e Igualdade.

Concellaría de Servizos Sociais, Emprego, Educación e Cultura.

Concellaría de Xuventude, Deportes, Contas, Patrimonio e Persoal.

Concellaría de Promoción Económica e Relacións Veciñais.

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

OBXECTIVO XERAL	Promover o desenvolvemento de servizos e recursos que permitan compatibilizar a vida persoal, laboral e familiar.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1	Prever de servizos e recursos comunitarios dirixidos á poboación para facer compatible a vida persoal, laboral e familiar.
